

- Cual dicías tú?
- Nun lugarín de Palmeán...

IV 88

No lugarín de Palmeán
había unha cuza*¹ manchada
criouna o fillo do rei
nunca lle valeu de nada.

A cuza andaba facendo
por alí algunha dellada*²
matouna o Manuel de Diego
unha mañá de madrugada.

Iba o tiu Diego esfolala
e non encontrou a navalla
tan de repente lle deu
que non quixo comer nada.

E díxolle a muller,
home non seas un burro,
polo pelexo da cuza
aunque che valera un duro.

Se tuvera aquel pelexo
facíache un bon xibón.
Se tuvera outro como el
facíame un bon calzón.

Pra me tornalas muxicas
de cuando fora ferreiro
que se queima muito a roupa
cóstache muito diñeiro.

Notas sobre vocabulario no CPG:

*¹ Cuza: cadela

*² Dellada: dano nunha propiedade allea.